


A ALGARIA,

DISCRETA FURATOXOS DE LONGA CAUDA

X.L.Salvadores*



Algaria (*Genetta genetta*)
Fonte: Guía de mamíferos de Galicia (Edicións Baía).

A algaria é un mamífero da familia dos Vivérridos. Habita no fondo das fragas e das matogueiras (unha furatoxos!) onde se move silandeira polas noites para realizar as súas actividades vitais máis importantes.

Recoñece ben á algaria quen teña un mínimo de interese pola nosa fauna. Non por tela observado evolucionar no seu medio, que é moi difícil, senón porque, con ver algunha vez a súa imaxe, aínda que fora ex situ, xa non a esquece, ao ter un atractivo particular e inconfundíbel.

A algaria imita a un gato, tanto na forma como no tamaño, pero ten peculiaridades que a distinguen dos nosos domesticados felinos: unha, a cola que é longa, moi longa, tanto como todo o seu corpo e cabeza incluída, e que, ademais de servirille como equilibradora nos seus movementos, está adornada por aneis negros regularmente distribuídos que fan do rabo un órgano rechamante e fermoso. Outra diferenza cos nosos familiares gatos é que as orellas sobresaen da súa cabeza, que, xunto a un fociño aguzado e grandes ollos, fanlle unha figura singular e agraciada.

A algaria é considerada especie autóctona, aínda que a súa orixe parece estar en África, onde aparecen restos paleontolóxicos de data posterior á súa separación, polo mar, de Europa. Deducen, pois, que foi traída polos humanos probablemente domesticada para que fixese de matarratas e matarratos; porque iso é o que come: micro-mamíferos; e tamén algún coello, insectos, réptiles, anfibios, e de sobremesa, algo de froita. Non fai ascos ás galiñas..., todo hai que dicilo.

Como xa dixen, é noctámbula e gusta de andar empolicada polas árbores con movementos elegantes, elásticos, áxiles e precisos como gran cazadora que é. Ademais é fuxidía, reservada, moi discreta. Por iso é difícil gozar da súa presenza no medio natural, a pesar de non ter moitos inimigos naturais e de ser relativamente abundosa. Pero onde si é doado atopala é sobre o asfalto das estradas, inmóbil.

Eu mesmo, como viaxante que son, teño rexistrado nas miñas notas, e non son exhaustivas, 5 algarias mortas no treito de 45 km entre Carballo e Santiago, concretamente desde o outono do ano 1997 á primavera do 1998, cifra que habería que extrapolar aos centos de quilómetros de estradas que cruzan o país. O macabro censo de algarias atopeladas é doado de levar,

xa que o rabo, tan característico, queda ben visíbel cando os coches deixan un cerello de vísceras e pel esmagados no asfalto.

Neste momento case que con toda seguridade son os vehículos os verdugos máis activos desta especie que non repara en cercados de malla, xa que tamén as teño visto esbandalladas nas autoestradas, recentemente, na que vai de Santiago a Lalín.

Os mortais accidentes xunto coa destrución do hábitat, probabelmente, sexan os problemas maiores da algaria, que se ve expulsada das tranquilas zonas que precisa para habitar. Neste senso, vén ao caso comentar que a teño visto espantada un día de defuntos cando a xente acudía en masa a un camposanto no acosado Morrazo, quizais porque tivera o seu agocho na paz do cemiterio rural. Ou coma o rastro doutra que caeu, por non mirar antes de cruzar, na entrada do expansivo Bertamiráns, que é lugar onde o medio natural vai cedendo a favor do estéril cemento.

Non obstante, un cazador do Incio comentábame que, na actualidade, coa abundancia de mato, os animais, como a algaria prosperaban. Ademais supoño que nestes momentos as baixas por tiro de escopeta diminuírían, porque hoxe xa non se leva (estética horrorosa, por charramanguera e un tanto primitiva) o de colocar na antena dos vehículos, a modo de bandeirola, as colas de raposos e algarias.

OUTROS NOMES DA ALGARIA:

En galego: fuíña, rabisaco, mataraña, furatoxos, xeneta
En portugués: "jineta"
En español: "gineta"

+INFO: Guía dos mamíferos de Galicia. Juan Ignacio Díaz d'a Silva. Yosy Cartelle. Baía edicións.

* X. L. Salvadores é colaborador habitual de Radio Cerna na sección "A nosa fauna".